



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación da Universidade de Cantabria para o estudo e a investigación do sector financeiro (UCEIF) e o Banco Santander S.A. para o establecemento dun marco de actuación conxunta en favor do desenvolvemento do espírito emprendedor no marco de Eduemprende.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou, o 10 de outubro de 2017, coa Fundación da Universidade de Cantabria para o Estudo e a Investigación do sector Financeiro (En adiante UCEIF) e o Banco Santander S.A o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia ata o 10 de outubro do 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer os principios polos que se rexerá a colaboración das entidades asinantes no fomento do emprendemento e a cultura financeira no sistema educativo non universitario a través do mantemento e actualización de contidos, etc, do proxecto Finanzas para Mortales, dirixido a fomentar a cultura financeira no entorno educativo fundamentalmente e na sociedade en xeral, sustentado a través de accións presenciais e con maior intensidade a través das plataformas Online xeradas. Esta actuación enmarcase dentro do Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.
2. Ante o déficit emprendedor en Galicia é necesario crear as condicións para que poidan prosperar as iniciativas e as actividades emprendedoras. Neste senso o Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende aprobado no 2010 ten como obxectivo estratéxico a implantación na comunidade educativa desta cultura emprendedora necesaria para mellorar a competitividade das nosas empresas e a empregabilidade do alumnado galego.
3. Que UCEIF é unha Fundación de carácter privado, sen ánimo de lucro, o seu obxecto consiste en promover o estudo e a investigación en calquera ámbito que redunde e contribúa ao benestar, desenvolvemento e progreso dos pobos, con unha especial atención á investigación, á formación e á transferencia no ámbito socioeconómico, fundamentalmente na área financeira e dentro do marco da sociedade do coñecemento.

UCEIF está dirixindo e desenrolando o proxecto Finanzas para Mortales, co patrocinio e mecenado do Banco Santander, co obxectivo de mellorar a cultura financeira da sociedade en xeral e os centros educativos.

4. Que o Banco Santander contribúe ao progreso das persoas. Nese marco, considera o voluntariado corporativo como unha contribución moi importante para este progreso, ao poñer en contacto a dous dos seus principais grupos de interese: empregados e sociedade. Por iso promove a participación dos seus profesionais en todo tipo de iniciativas de apoio ás comunidades e en concreto as actividades de voluntariado corporativo, con un foco principal na educación.





5. Que no Consello Europeo de Lisboa de marzo de 2000, que deu lugar ao programa “Educación e Formación 2010”, se recoñeceu a necesidade do fomento das iniciativas emprendedoras desde o ámbito educativo, así como a necesidade de crear políticas de educación e de formación que fomenten a cultura emprendedora e innovadora como motor da innovación, da competitividade, da creación de emprego e do crecemento económico, no que o fomento do espírito emprendedor se recoñece como unha competencia clave para enfrontar os cambios sociais e económicos que se derivan da sociedade do coñecemento.
6. Que no Decreto 86/2015, do 25 de xuño , polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 4 se fai referencia ao emprendemento como elemento transversal que se traballará en todas as materias.
7. Que no Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, no seu artigo 3 se fai referencia á necesidade de adquirir as competencias necesarias para potenciar a creatividade, a innovación e a iniciativa emprendedora.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

